

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O accidente do tren Alvia do pasado 24 de xullo de 2013, nas inmediacións de Santiago de Compostela, é unha das maiores traxedias da historia ferroviaria do Estado.

Todas as vítimas do accidente do Alvia, en Angrois, seguen demandando, case 3 anos despois do descarrilamento, que se asuman responsabilidades políticas por un accidente que hoxe sabemos que puido terse evitado.

Compre investigar se houbo presións para cambiar o proxecto orixinal en 2010, cando era Ministro José Blanco; compre investigar por que se desconectou o sistema de condución automática ERTMS en xuño 2012 en base a que xeraba retrasos; compre investigar por que Fomento, Renfe e ADIF venderon a liña de Alta Velocidade Ourense-Santiago dicindo que “contaba coa maior seguridade, a última tecnoloxía e sistemas de condución automática”; compre investigar se houbo atrancos políticos para que Adif e Renfe colaborasen axeitadamente coa Xustiza e, compre investigar o incumprimento sistemático das normas de seguridade ferroviaria da UE como son a falta de independencia dos órganos de investigación, falta de avaliación do risco humano, normativa de seguridade etc.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

- O Parlamento insta á Xunta de Galicia a crear unha Comisión de Investigación encol do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 18/05/2016 17:30:58

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/05/2016 17:31:06

Ramón Vázquez Díaz na data 18/05/2016 17:31:11

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/05/2016 17:31:14

Eva Solla Fernández na data 18/05/2016 17:31:18

Jose Javier Ron Fernandez na data 18/05/2016 17:31:23